



29 de setembro de 2008



BOLETÍN INFORMATIVO



XORNAL EDUCATIVO

Setembro 2008

[Acceso](#)

Webs de asociacións

- [Altas capacidades](#)
- [Atención temperá](#)
- [Discapacidade física](#)
- [Discapacidade intelectual](#)
- [Down Galicia](#)
- [Implante coclear](#)
- [María José Jove](#)
- [ONCE](#)
- [Paideia](#)
- [Persoas xordas](#)
- [Saúde mental](#)
- [Trastornos da personalidade](#)

Modelos de documentos de avaliación de bacharelato

No [DOG n° 184](#) do martes 23 de setembro sae publicada a Resolución do 11 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establecen os modelos de documentos oficiais de avaliación do bacharelato.

Resolución de centros PROA para o curso 08/09

Publicada a relación de centros implicados no plan PROA durante o curso 2008/2009, tanto en acompañamento escolar (primaria e secundaria) como en apoio e reforzo en secundaria. [Acceso á listaxe](#)

Premio extraordinario de bacharelato

No [DOG n° 187](#) do 26 de setembro saíu publicada a Orde do 4 de setembro de 2008 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2007-2008, convocados pola Orde do 25 de abril de 2008.

Axudas para alumnado de FP

Publicada no [DOG n° 187](#) a Orde do 15 de setembro de 2008 pola que se convocan axudas ao alumnado que inicie durante o curso 2008-2009 ensinanzas de formación profesional de grao medio en familias profesionais non vocacionais demandadas polo mercado laboral.

Resolución definitiva do Programa Cuale 08/09

Resolución pola que se fai pública a relación definitiva de centros autorizados (centros novos e centros con novas modalidades) para participar no programa de cursos para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras, Cuale, nos institutos de educación secundaria e nos centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia. [Acceso á resolución](#)



Orde de avaliación de ensinanzas especializadas de idiomas

O pasado 26 de setembro publicouse no [DOG nº 187](#) a Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a ava-

liación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se

establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación



Solicitud de Portfolio curso 08/09

Aberto o prazo de solicitudes de documentos Portfolio para traballar o proxecto nos cen-

tros ao longo do curso 2008/2009.

[Acceso a modelo de solicitude](#)

Guía para a elaboración das programacións didácticas das EE00II

A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais acaba de publicar unha completa guía para a

elaboración das programacións didácticas das escolas oficiais de idiomas.

[Acceso á guía](#)



Resolución do Selo Europeo

O IES Monte Castelo de Burela foi premiado cun trofeo e diploma do Selo Europeo na convocatoria do premio Selo

Europeo para as iniciativas innovadoras na ensinanza e aprendizaxe das linguas 2008.

[Acceso á orde de resolución](#)

Axudas para a elaboración de material para o fomento da lectura

No [BOE nº 221](#) do venres 12 de setembro sae publicada a Orde ESD/2576/2008, do 3 de setembro, pola que se con-

vocan axudas para a elaboración de materiais didácticos que desenvolvan a comprensión lectora en diferentes áre-

as e materias do currículo e para a realización de estudos sobre lectura e bibliotecas escolares.



II Encontros de Bibliotecas Escolares de Galicia

Os II Encontros de Bibliotecas Escolares de Galicia 2008. *Bibliotecas para ler e aprender*, celebráranse os días 17 e 18 de outubro de 2008, no Palacio de Congresos de Santiago de Compostela.



[Máis información](#)

Concurso sobre o euro

O 1 de xaneiro de 2009 celebrarase o décimo aniversario da Unión Económica e Monetaria (UEM). O equipo de Eurocompetición, a iniciativa da Comisión Europea, convida os estudantes de 10 a 14 anos a participar nun concurso

de carteis para celebrar os dez anos do euro. O concurso estará aberto dende o 15 de setembro ata o 31 de decembro de 2008.

[Máis información](#)



Concurso O dereito dos menores á protección

A Comisión Europea convoca este concurso co obxectivo de que os cidadáns europeos máis novos coñezan os seus dereitos. Invítase a nenos e adolescentes europeos, entre

os 10 e os 18 anos, a deseñar un cartel sobre o tema do dereito dos menores á protección na Unión Europea. O prazo de presentación remata o 29 de outubro de 2008.

[Información e inscricións](#)



Aulaforo Cajamadrid 2008/2009

O proxecto educativo para a ESO, Aulaforo Caja Madrid 2008-2009, ten por obxectivo potenciar a práctica dos valores humanos e democráticos do alumnado a través da participación e o diálogo na aula e mediante o web do proxecto.

Período de inscrición: do 1 de setembro ata o 28 de novembro.

[Máis información](#)



Buscador de Recursos Musicais de Autores Galegos

A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pon ao dispor de toda a comunidade educativa un buscador de recursos musicais. Contén 2000 fichas de compositores e compositoras

galegos, a meirande parte en activo, co obxectivo de prover información de carácter divulgativo sobre as súas composicións.

[Acceso ao buscador](#)



Programa de educación ambiental Aula Ceida

O Ceida (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia) ofrécelles actividades de educación ambiental aos centros

de ensino de toda a comunidade galega.

[Máis información](#)

Fotografías dispoñibles nas galerías fotográficas do Portal de Contidos, de libre disposición para uso educativo.

Curso de rehabilitación auditiva

A Federación AICE (Asociación de Implantados Cocleares de España) organiza en Santiago de Compostela, os días 20 e 21 de outubro, un

curso de (re)habilitación en nenos con implante coclear, habilitación auditiva e terapia auditiva verbal.

[Acceso ao web de AICE](#)



Concurso escolar Defensor del Pueblo

A Fundación de Derechos Humanos de la Comunidad Valenciana, a organización Globalización de los Derechos Humanos e a institución do Defensor do Pobo convocan a sexta edición do concur-

so escolar de debuxo *Defensor del Pueblo* para achegar a infancia e a mocidade galega aos dereitos humanos e á súa estreita relación cos valores democráticos.

[Bases](#)

[Web educativo *El defensor del pueblo en tu clase*](#)



Fotografías disponibles nas galerías fotográficas do Portal de Contidos, de libre disposición para uso educativo.

Ligazón á páxina de lexislación educativa: [acceso](#)

Webs temáticos

Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



Plan Galego de Convivencia
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



Plan Valora
<http://www.edu.xunta.es/valora>



Mupegas
<http://www.edu.xunta.es/mupegas>



Linguas estranxeiras
<http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras>



Rede TIC de Centros
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_tic



Bibliotecas escolares
<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>



Publicacións

[LOE](#)

[Lexislación de Educación Primaria](#)

[Lexislación de Educación Secundaria](#)

[O proceso de adaptación. E ti ... vas á escola?](#)

[Plan de Convivencia](#)

[Saudíña](#)

[Alumnado con trastornos](#)

[xeneralizados do desenvolvemento](#)

[Alumnado con discapacidade motora](#)

[Alumnado con problemas de conduta](#)

[Alumnado con discapacidade intelectual](#)

[Alumnado con sobredotación intelectual](#)

[Proxectos de innovación educativa 2008-09](#)

[Premios de innovación educativa 2008](#)

[Plans e actuacións en innovación educativa](#)

[Medrando sáns. Hábitos saudables na Educación Infantil.](#)

[¿E por qué?. Prevención accidentes infantís](#)